

Voces de Queempostela

Folleto Mensual
de Información

Nº13, Maio-1997

Editado polo
Colectivo Gai de
Compostela

Un mes para o 28 de Xuño!

A un mes da celebración do Día do Orgullo e da Libertación Homosexual xa se están a perfilar os actos que se han organizar. Como xa é tradicional e case obrigatorio, organizará-se o mesmo día 28 unha concentración na Praza do Toural e unha superfiesta pola noite. Xa hai varias actuacións concertadas para a festa, na que ademais haberá xogos e un sorteo. O día 28 tamén se instalarán, como nos dous últimos anos, unhas mesas informativas: unha no Toural e outra na Pza. Roxa. A novidade deste ano consistirá na organización dun maripicnic, en principio na carballeira de San Lourenzo, para o meiodía e tarde do 28. Ademais, durante a semana anterior ao 28 pensa-se celebrar a III edición do vídeo-fórum gai. Outra novidade que se tentará introducir será a organización dun recital de contos e poesía gai e lésbica. Se tes ideas sobre a organización destes ou doutros actos, pon-te en contacto por correo ou pasa polo local nas horas de permanencia. Non deixes de facé-lo mesmo se tes problemas para vir ou durmir en Compostela ese día!

Pais e Gais: nós tamén formamos familias

Como cada ano, o 28 de Xuño estará centrado nunha reivindicación específica através dun cartaz e dun lema. Fora xa da COFLHEE, este é o primeiro ano que o CGC decide o seu propio lema, que fará referencia aos dereitos das parellas de feito de seren equiparadas ao resto das familias legalmente recoñecidas na Galiza. Con este lema e mais co manifesto correspondente, o CGC quer chamar a atención sobre os actuais procesos legislativos que se están a levar a cabo

na España e no noso país a respecto do status da familia e das parellas de feito. O contido do manifesto será proposto ao resto de colectivos homosexuais da Galiza para acadar o seu apoio.

Nova colaboración co CLI

O Colectivo de Lesbianas Independentes (CLI) amosou a intención de coorganizar co CGC algúns actos do 28 de Xuño. Polo de agora só se concretou unha colaboración na organización da festa e do recital de contos e poesía. Se tes ideas sobre outras posibles colaboracións co CLI para o 28 ou a respecto doutros actos escribe ou pasa polo local.

Preparativos do 28 de Xuño na Coruña

O Colectivo Gai Coruñés "Mil-homes", integrado na COFLHEE, tamén se puxo mans á obra na organización dos actos do 28 de Xuño na súa cidade. Polo de agora só se asegura a celebración dunha festa que non coincidirá coa organizada polo CGC e o CLI en Compostela. Están-se a barallar tamén outros actos de carácter máis reivindicativo. Se tes ideas para os rapaces de "Mil-Homes" escribe-lles ao apartado de correos 24 da Coruña.

Novo S'homos antes do 28

A Comisión de Redacción do S'homos está xa a traballar arreo para conseguir sacar o número 14 da revista para antes do 28 de Xuño. A portada correrá a cargo de Francisco Pereiro e as reportaxes centraran-se desta vez na realidade lesbiana, no nudismo gai e sobre o sadomasoquismo. Haberá un cómic de Suso Pedreira e unha mirada sobre as promesas da expresión plástica gai na Galiza. Lembra que se te queres anunciar ou enviar un artigo de

opinión ainda tes dúas semanas para o facer. Vai reservando xa o teu número!

Evoluciona a organización da campaña sobre os espazos de consumo

Durante todo este mes de maio continuaron as reunións conxuntas do CGC e mais o CLI para traballar na organización da campaña pro-denuncia das discriminacións homofóbicas nos espazos de consumo. A comisión de traballo pensa ter lista a campaña para a semana anterior ao Día do Orgullo e da Libertación Homosexual. A campaña baseará-se na distribución de cartaces e folletos informativos, amais de recadar apoios doutras organizacións e institucións administrativas, políticas e sociais. Se tes algunha idea para a campaña escribe ao apartado ou pasa polo local nas horas de permanencia.

Pospón-se o parladoiro sobre o sadomasoquismo

A Comisión de Actos Lúdicos e Culturais decidiu pospor a celebración do parladoiro sobre o sadomasoquismo para a semana anterior ao 28 de Xuño inserindo-a así no programa de actos conmemorativos deste día. Na tertulia tamén colaborará o CLI. Se tes ideas ou textos para presentar no parladoiro aínda estás a tempo de enviá-los ou deixá-los no local do colectivo.

"Deixa-te ver!" Nova campaña do CGC

O CGC pensa levar adiante unha nova campaña, esta vez centrada na potenciación da visibilidade gai. Pretende-se animar aos gais a amosaren con naturalidade e espontaneidade a súa condición homosexual como un aspecto máis da súa personalidade, sen faceren dela un estandarte ou instrumento para violentar aos demais. O lema da campaña será "Deixa-te ver!" e baseará-se na elaboración dun folleto que será repartido polos locais de ambiente do país. O Colectivo Gai Coruñés "Mil-homes" está a pensar nunha posíbel colaboración na campaña, que se pensa sacar á rua nas vindeiras semanas. Se tes ideas para o texto do folleto ou

queres colaborar doutro xeito nesta campaña, escribe ao apartado de correos ou pasa polo local nas horas de permanencia.

Informe sobre discriminacións do Valedor do Pobo

A oficina do Valedor do Pobo puxo-se estes días en contacto co CGC para pedir información sobre as situacións de marxinación que sofren @s homosexuais na Galiza. A intención da oficina é a de elaborar un informe sobre as formas de discriminación e marxinación que se viven no seo da sociedade galega. O CGC pensa-lle facilitar á oficina datos procedentes da Homoenquisa e unha copia do Informe sobre Agresións Homofóbicas. Se queres dar o teu testemuño para o informe ou simplemente tes algunha idea ao respecto escribe ao apartado ou pasa polo local.

Lei de Parellas: o proxecto de Coalición Canária entra a trámite parlamentar!

O pasado día 27 de maio, o Congreso dos Deputados aprobou a toma en consideración do Proxecto de Lei de Parellas de Feito presentado hai uns días por Coalición Canária. Aínda que este proxecto non contempla algúns aspectos doutros proxectos rexeitados, o feito de ser aprobado supón un paso importantísimo e decisivo na consecución dun recoñecemento legal das unións de feito homosexuais no Estado Español. A intención da maioría dos grupos do Congreso é agora a de axilizar e consensuar a aprobación deste proxecto para que saia a tan esperada lei antes de fin de ano. No entanto, no Parlamento da Galiza continua o lento trámite parlamentar da Lei de Familia e da Infancia.

Ya Sabes
Escribe ao apartado 191 /
CP 15780 Compostela
ou por e-mail: gaicompos@hotmail.com
Pasa polo noso local:
Rua Entremuros, nº 16, baixo
Luns, mércores e xoves a partir das 20:30